



**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**

## **Admisión a ciclos de grao medio e de grao superior de Formación Profesional 2019-2020**

# **Instrucións para consultar o estado das solicitudes do proceso de admisión**

(Actualizado 20/06/2019)





## Índice

---

1	Introdución.....	3
2	Autenticación no sistema de usuarios da consellería.....	3
3	Procedemento de consulta do historial de admisión.....	4



## 1 Introducción

---

As persoas identificadas como usuarias no sistema de admisión de formación profesional que fixeran solicitudes para calquera réxime, modalidade e grao de ciclos formativos de formación profesional poden acceder a consultar o seu historial do proceso de admisión.

## 2 Autenticación no sistema de usuarios da consellería

---

É moi probable que ás persoas solicitantes no proceso de admisión que puxeron como dato un correo electrónico lles chegase un correo coma o seguinte:

*ALTA NOVO USUARIO:*

*Comunicámoslle que, segundo os datos que figuran na base de datos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, se solicitou a creación dunha conta de correo persoal.*

*Para activar a conta, debe acceder ao seguinte enderezo:*

*<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=alta>*

*Debe realizar a activación cos seguintes datos:*

*Código de activación: XXXXXX*

*Dispón de dez días, desde a recepción deste código, para formalizar a activación da conta.*

A través das instrucións do correo creouse (ou púidose crear) un nome de usuario para acceder á aplicación "ciclosadmision", para xestionar a reserva de prazas de distancia e informarse do seu expediente.

No caso de persoas usuarias que non lembren o contrasinal, cumprirá entrar no seguinte enderezo:  
<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/ReenviarPinIn.do>

- Deberase indicar o DNI/NIE e o correo electrónico de contacto.
- A continuación, a persoa usuaria recibirá un código PIN que lle permitira cambiar o contrasinal, empregando o seu DNI/NIE, na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.es/contausuario/prv/XestionContaIn.do?operacion=recupera>

Tamén poderán acceder á aplicación "ciclosadmision" as persoas que dispoñan dun certificado dixital válido.

Para calquera dúbida na autenticación de usuario cumprirá contactar coa UAC no 881 997 701 ou no correo [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es)






### 3 Procedemento de consulta do historial de admisión

Para consultar o historial, deberase ir ao enderezo: [www.edu.xunta.es/ciclosadmission](http://www.edu.xunta.es/ciclosadmission)

Primeiro deberá identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal, para o que deberá ir á esquina superior dereita e premer sobre a icona:



Despois de identificarse no sistema co seu usuario e contrasinal prema na pestana “Solicitantes” no menú da aplicación; verá unha pantalla similar a esta:



A continuación seleccione no despregable “Consulta solicitudes”. Poderá consultar todos os elementos relacionados coas súas solicitudes de admisión a ciclos formativos de calquera réxime, modalidade e grao.

O servizo de consulta do estado das solicitudes poderá estar total ou parcialmente deshabilitado temporalmente en función das fases do proceso de admisión e de accións de mantemento da aplicación informática, sinaladamente durante os períodos previos á publicación das adxudicacións.